

AVISO FITOSANITARIO Xéneros *Mycosphaerella* e *Teratosphaeria* (fungos do eucalipto) e *Ctenarytaina* sp. (pulgón do eucalipto)



Fotografías: Estación Fitopatolóxica Areeiro. Deputación de Pontevedra

Nos últimos anos en numerosas plantacións de eucaliptos, detectouse a presenza do fungo defollador *Mycosphaerella* sp., con maior incidencia en masas con follas xuvenís, aínda que tamén pode afectar ás adultas e principalmente localizadas nos fondos de val, zonas cun maior grao de humidade, que favorece a proliferación das enfermidades fúnxicas.

Os danos poden aparecer nos dous lados das follas, mostrando manchas e cancos en brotes de ramas. É moi difícil distinguir en campo as infeccións destes dous fungos, (*Mycosphaerella* e *Teratosphaeria*).

A gravidade dos danos depende da porcentaxe de superficie foliar afectada, e tamén porque tralo primeiro ataque, outros axentes patóxenos poden ver favorecido o seu desenvolvemento pola debilidade da árbore, e poden causar a detección do crecemento da árbore.

Ata hai uns anos estas enfermidades manifestábanse asociadas a áreas de alta humidade ambiental, pero o cambio das condicións climáticas, ambientes quentes e húmidos, está a facer que se amplíen a novas zonas e que cada ano os ataques sexan maiores.

Medidas Culturais: Reducir a densidade de plantacións para que as árbores teñan máis luz e ventilación.

Mellorar a fertilización para que a árbore aumente a súa resistencia fronte a perda fotosintética.



Ctenarytaina spatulata.

É un psílido procedente de Australia, detectouse por primeira vez en 2003 en Galicia e Asturias. Entre as especies afectadas temos *E. globulus*, *E. nitens*, *E. camaldulensis*...

Os danos que poden causar son lesións necróticas nos brotes laterais, deformacións de follas e brotes, e polo tanto redución de superficie para facer a fotosíntese. Aínda que non soen ocasionar a morte da árbores si que poden afectar o seu crecemento e o seu vigor.

O período crítico sitúase a partir do momento no que as follas da árbore se transforman en follas adultas. De forma visual a súa aparición detéctase polas punteaduras necróticas que producen nas brotes das follas transformadas.



Ctenarytaina eucalypti.

É un psílido procedente de Australia, presenta cinco estados ninfaís. A duración do ciclo de vida, pode ser aproximadamente dun mes, con xeracións ao longo de todo o ano, aínda que no inverno as poboacións diminúen.

Ataca as principais especies de eucaliptos presentes en Galicia. Os danos que poden causar son principalmente nas follas sen transformar. Caracterízanse pola aparición nos ramillos unha masa algodonosa. Aínda que non soen ocasionar a morte da árbores si que poden afectar o seu crecemento e o seu vigor.

Medidas preventivas: Fertilización equilibrada e evitar concentración excesiva de nitróxeno nas follas, que favorece o desenvolvemento deste pulgón.

